



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA, SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

PROFORGAL, SL solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.70074

As obras solicitadas consisten na forestación e colocación de peches nos predios da zona 0 situados nas parcelas 756 do polígono 34, e parcelas 559, 560 e 561 do polígono 35 e parcelas 254 e 256 do polígono 42 do Catastro; na zona de policía de leitos de varios regos innominados da conca do río Ouro; na parroquia de San Acisclo do Valadouro, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 21 de xullo de 2020.- A xefa do Servizo Territorial de Lugo P. S. 08/07/2020 O xefe do Servizo da Zona Hidrográfica Galicia-Norte Néstor Rodríguez Arias.

R. 1604

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2020 e comprensivo aquel de o Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, persoal de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE GASTOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN GASTOS
1	Gastos de persoal	706.624,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	715.071,00
3	Gastos financeiros	1.510,00
4	Transferencias correntes	29.335,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	500,00
6	Investimentos reais	4.773,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	1.671,00
TOTAL GASTOS		1.459.484,00

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE INGRESOS

CADRO RESUMO		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN CAPÍTULO	PREVISIÓN INGRESOS
1	Impostos Directos	447.200,00
2	Impostos Indirectos	15.010,00
3	Taxas e Outros Ingresos	296.803,00
4	Transferencias correntes	696.255,36
5	Ingresos Patrimoniais	4.201,64
6	Alleamento de Investimentos Reais	6,00
7	Transferencias de capital	6,00
8	Activos Financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	2,00
TOTAL INGRESOS		1.459.484,00

CADRO DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación	N.º plazas	Grupo	Nivel C.D.	Escala	Subescala	C.E.M.
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	01	A2	26	Habilitación Nacional	Secretaria-Intervención	1.553,18
ADMINISTRATIVO	01	C1	22	Administración Xeral	Administrativo/a	680,83
ADMINISTRATIVO-SEN CUBRIR PRAZA	01	C1	22	Administración Xeral	Administrativo/a	560,41
ADMINISTRATIVO-SEN CUBRIR PRAZA	01	C1	20	Administración Xeral	Administrativo/a	388,74
AUX. ADMINISTRAT.-SEN CUBRIR PRAZA	01	C1	20	Administración Xeral	Administrativo/a	388,74

C.E.M.-Complemento específico Mensual

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denom. plaza	N.º plazas	Servizo
ENCARGADO SERVICIO MANTENIMIENTO	01	Mantenemento de instalaciones municipales
OPERARIO DE MANTENIMIENTO-SEN CUBRIR	01	Mantenemento de instalaciones municipales

- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denom. plaza	N.º plazas	Servizo
TRABALLADORA SOCIAL	02	Servizos Sociais
AUX. AXUDA FOGAR-DEPENDENCIA	08	Servizos Sociais
AUX. PUNTO ATENCION INFANCIA (PAI)	02	Punto de Atención á Infancia
DIRECTORA P.A.I.	01	Punto de Atención á Infancia
ANIMADORA SOCIOCULTURAL	01	Protocolo, Cultura e Deportes
CONDUCTOR E BRIGADISTAS DO SERV. EXTINCION	7	Servizo de Extinción de incendios forestais

INCENDIOS FORESTAIS		
PEON	1	Servizo de parques e xardíns
RESUME		
Denominación	N.º plazas	
Funcionarios	5	
Laboral Fijo	2	
Laboral Temporal	22	
Eventual	0	
TOTAL PLANTILLA:	29	

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Bóveda, 21 de xullo de 2020.- O Alcalde, JOSE MANUEL ARIAS LOPEZ.

R. 1605

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2020

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 17 de xullo de 2020, o orzamento municipal para o exercicio 2020, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 21 de xullo de 2020, O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1606

CERVO

Anuncio

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ó exercicio orzamentario de 2019 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as Regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 20 de xullo de 2020, expónse ó público, xunto cos documentos que a xustifican na Intervención desta entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo e oito días máis os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cervo, 21 de xullo de 2020.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1607

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 08/07/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondentes o exercicio de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra o meritado Padrón o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario, do Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da taxa por entrada de vehículos a través das beirarúas correspondente o exercicio de 2020, terá lugar neste municipio, dende o día 15 de xullo de 2020 ata o día 14 de setembro de 2020.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas de período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 8 de xullo de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1608

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente nº 267/2020

Aprobación proxecto urbanización

Por Resolución de data 10 de xullo de 2020, o Alcalde aprobou inicialmente o Proxecto de Urbanización do ámbito da MP do Plan Parcial do Parque Empresarial de Palas de Rei (data xuño 2020), redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Ana López López, colexiada número 34.305, a iniciativa de JIM SPORTS TECHNOLOGY, S.L.

En cumprimento do establecido no artigo 226.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese o proxecto de urbanización a **información pública** por período de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, observándose as regras que para o cómputo de devandito prazo establece o artigo 30.4 ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://www.concellopalasderei.es/>).

Durante o período de información pública, quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo, aos efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes.

Palas de Rei, 21 de xullo de 2020.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1609

POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

cumprido o trámite de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considéranse definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

2.05ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo.

1. Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

2. Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a presentación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios o s residuos sólidos ó contedor máis próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a presentación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinza de calefaccións centrais.
- c) Recollida de rebos de obras.

3. Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poidan repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

4. Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

5. Artigo 5º.- Exencións.

1.- Establécese unha bonificación do 90% nas tarifas desta taxa para os edificios que sen estar en ruína teñan a condición de non habitables ou utilizables.

2.-Ao abeiro no establecido no art. 24.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozaran de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Para ter dereito a obtención desta exención, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos.

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de servizo.
- Que o suxeito pasivo estea empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicárase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	TAXA ANUAL
Epígrafe 1º.- Vivendas.	
Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).	29,76€
Epígrafe 2º.- Aloxamentos	
Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).	35,41€
Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.	
Por cada local ou establecemento	35,41€
Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración	
a) Restaurantes	35,41€

b) Cafeterías	35,41€
c) Whisquerías e pubs	35,41€
d) Bares	35,41€
e) Tabernas	35,41€
Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.	
a) Cines e Teatros	35,41€
b) Salas de festas e discotecas	35,41€
c) Salas de bingo	35,41€
Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís	
a) Centros oficiais	35,41€
b) Oficinas bancarias	35,41€
c) Grandes almacéns	35,41€
d) Demais locais non expresamente tarifados	35,41€
Epígrafe 7º.- Despachos profesionais	
Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º)	35,41€

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e corresponden ó período dun ano.

4. A cada unha das cotas sinaladas no parágrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de un euro (1,18€).

5. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementará para cada ano no importe de incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

Artigo 7º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal da recollida de lixo domiciliar, en rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes a taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, en tal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro semestre natural que corresponda.

2. Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase cada seis meses mediante recibo derivado da matrícula.

4. A bonificación establecida no artigo 5º.1 deberá ser solicitada polo interesado quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa provedora, nin auga potable, sexa esta servida polo concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos e similares). De rematar a situación de inhabitable, deberá comunicarllo ao concello da Pobra do Brollón

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

Disposición transitoria única:

Durante o exercicio 2020 e seguintes, mentres SOGAMA manteña a bonificación do 10% no canon, a ecotaxa por tratamento de residuos establecida polo artigo 6.4 se reducirá nun 10% do seu importe.

Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día nove de marzo de dous mil vinte e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pobra do Brollón, 16 de xullo de 2020.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1610

RIBASA DE SIL*Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 17/07/2020 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2020; por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 20 de xullo de 2020.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1611

RIOTORTO*Anuncio*

Polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riotorto, con data 21 de xullo de 2020, asinouse o Decreto do seguinte tenor literal:

“Ausentándome deste termo municipal por vacacións dende o 10 ao 14 de agosto de 2020, ambos inclusive, é polo que, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, artigo 63 da Lei de Administración Local de Galicia e 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86, do 28 de novembro, veño en acordar:

1º- Delegar no Primeiro Tenente de Alcalde D. José Luis Lourido López a totalidade das funcións que correspondente a esta Alcaldía durante as datas citadas.

2º- Dar conta desta resolución ao Primeiro Tenente de Alcalde e publicala no B.O.P.

Decrétao manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente do Concello de Riotorto en Riotorto a vinte e un de xullo de dous mil vinte de todo o cal, eu, secretario, certifico.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Riotorto, 21 de xullo de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1612

SAMOS*Anuncio*

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE UN/UNHA (1) AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA.

PRIMEIRA.-OBJECTO E NORMATIVA APLICABLE.

O obxecto da convocatoria é a selección de un (1) auxiliar de axuda no fogar para a cobertura do incremento de horas concedidas ao Concello de Samos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, financiadora do servizo, no Programa de Asignación de Recursos do Servizo de Axuda no Fogar (PAR-SAF), e a imposibilidade de prestar o mesmo coas traballadoras actualmente en plantilla.

A contratación laboral temporal realizarase a xornada completa, coa finalidade de colaborar na prestación do servizo de axuda no fogar do Concello, e con plena dispoñibilidade horaria.

O servizo ten autonomía e sustantividade propia dentro da actividade normal da empresa e, aínda que sexa limitado no tempo, é, en principio, de duración incerta, xa que a contratación, sen dotación económica estable, atópase financiada maioritariamente con ingresos externos de carácter finalista procedentes da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no Programa de Asignación de Recursos do Servizo de Axuda no Fogar (PAR-SAF), aos que queda vinculada a súa duración, e ás que se subordina, de tal maneira que a súa non obtención implicaría a rescisión automática e inmediata do correspondente contrato de acordo co que indica o artigo 52.e) do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

O contrato estenderase dende a súa sinatura e mentres permaneza a subvención que os financia, á que quedan vinculados, e ata que se manteña a demanda ou a necesidade de prestar o servizo coa intensidade que motivou a contratación.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: no R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en sucesivas citas TRLEBEP); na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións non derogadas e básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

SEGUNDO.- FUNCÍONS E RETRIBUCÍONS.

O cometido funcional será o establecido no art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, polo que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.

A retribución bruta mensual que se percibirá será de 1.108,33€ (incluída a parte proporcional das pagas extras).

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TRLEBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que o habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecendo enfermidade nin estar afectado por eiva física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para

exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión (ou en condicións para a súa obtención na data de remate do prazo de presentación de solicitudes) das seguintes titulacións:

- Título de técnico en coidados auxiliares de enfermmería, establecido por el R.D. 546/1995, ou equivalente.
- Título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia, regulado polo R.D. 1593/2011, ou equivalente .
- Título de técnico superior en integración social, establecido por el R.D. 1074/2012, ou equivalente .
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais , regulado no R.D. 1379/2008, ou calquera outro que se publique cos mesmos efectos profesionais .
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, regulado polo R.D. 1379/2008, o el equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar.

g) Estar en posesión do permiso de conducir clase B, o que se acreditará mediante copia do mesmo.

h) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados na Base sétima.

Será nulo o nomeamento dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- SISTEMA SELECTIVO.

O procedemento de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, realizándose en primeiro lugar a fase de concurso de méritos e posteriormente a de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1.-O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A data da súa publicación será a que sirva para computar o prazo para a presentación de solicitudes.

Todo iso, sen prexuízo de que as bases íntegras se publiquen no taboleiro de anuncios físico do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace concellosamos.sedelectronica.gal.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios físico do Concello de Samos e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace concellosamos.sedelectronica.gal.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura como anexo á presente convocatoria, dirixido ó Sr. Alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas , no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015 e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia selada na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

2.-Á instancia unirase inescusablemente:

- a) Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia cotexada de tódolos documentos xustificativos consonte ao sinalado nas presentes Bases, dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- c) Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- d) Fotocopia cotexada do permiso de conducir tipo B.
- e) Fotocopia cotexada da acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 ou equivalente.
- f) Certificación da condición de discapacitado e a súa compatibilidade co posto a desempeñar.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante ó sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo. Tampouco será posible a emenda dos méritos que se aporten para a fase de concurso.

No prazo máximo de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para presentar as instancias, o alcalde ditará resolución na que se aprobe a lista provisoria admitindo ou excluindo aos solicitantes e indicando a causa de exclusión, neste último caso e se abrirá un prazo de DOUS (2) días hábiles para a emenda de defectos. Este prazo de emenda de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución do alcalde no taboleiro de anuncios desta entidade local. Rematado o prazo de emenda, ditarase resolución nun prazo de 2 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como a data e hora na que se constituirá o Tribunal cualificador. No caso de que non houbera candidatos excluídos, a lista provisional elevarase automaticamente a definitiva.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no de dous meses desde a citada data.

No se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- Composición:

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

O Alcalde nomeará no decreto polo que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos i excluídos os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), que será publicado no taboleiro de anuncios.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrabolo dos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Os membros do Tribunal así como os asesores especialistas que se incorporen terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2.- Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal disporá de tres días hábiles para elevar a súa Proposta á Alcaldía-Presidencia que ditará Resolución no prazo máximo de tres días hábiles. En ningún caso os aspirantes propostos poderán exceder do número de prazas convocadas.

A citada proposta dos candidatos/as seleccionados/as vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte á lexislación vixente. Os seus acordos só poderán impugnarse

de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

